

**SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DIA VINTESETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.**

No Concello de Lán cara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinteseite de agosto de dous mil dez, reúnese no Salón de Sesións o concello Pleno para tratar os asuntos contados na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballeros López, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde, D. Celestino Rodríguez González, D. Dario Antonio Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.- DECLARACION DE CARÁCTER ORDINARIO DA SESION**

**2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTENOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.**

**3º.-DECRETOS Nº 116 AO 157**

**4º.- APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2009.**

**5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL FACTURAS GASTOS 2009.**

**6º.- FACTURAS FEIRAS DE ANO E DE MAIORES MAIO ANO 2010 POR IMPORTE DE 14.298,34€**

**7º.- LIQUIDACION DEFINITIVA DE PARTICIPACION DE TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2008.**

**8º.- PERSONAL.- RECOÑECIMENTO ANTIGUEDADE: ANTONIO SOBRADO CARBALLO E MARCOS VAZQUEZ MAREY.**

**9º.- ESCRITO DA DELEGACION CONSELLERIA DE TRABALLO SOBRE FESTAS LOCAIS DO ANO 2011.**

**10º.- HONORARIOS PROXECTOS TECNICOS “REHABILITACION ANTIGA CASA CONSISTORIAL” E “ACONDICINAMENTO PONTE ROMANA DE CARRACEDO”.**

**11º.- ESCRITO COMISION FESTAS DE SANTA MARIA DE LAMA ANO 2009 E SUBVENCION MUNICIPAL**

**12º.- APROBACION INICIAL DIRECTRICES ORDENACION TERRITORIO DE GALICIA DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE**

**13º.- SOLICITUDE DE COMPATABILIDADE DE DON MIGUEL POSE FUENTES, DIRECTOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO.**

**14º.- APROBACION BORRADOR DE ORDENANZA TIPO DE VENTA AMBULANTE.**

**15º.- MOCIONS:**

**A) CARLOS LOPEZ SIERRA SOBRE ADECUACION DO CAMIÑO QUE PARTE DO MIRADOR DA PREREIRA ATA VILAR.**

**B) ARTURO SOBRADO CASTRO PARA POÑER NOME DE LUIS MARIÑO AO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.**

**C) DE ARTURO SOBRADO CASTRO PARA A CREACION DUN INVENTARIO DE TODOLOS BENS DO CONCELLO.**

**D) DE ARTURO SOBRADO CASTRO PARA REHABILITACION DA RUA DE VALDRIZ DE POBRA DE SAN XIAO.**

**E) DE DARIO ANTONIO PIÑEIRO LOPEZ, SOBRE CONSTRUCCIONES DE PISCINA MUNICIPAL.**

**F) DE DARIO ANTONIO PIÑEIRO LOPEZ SOBRE NOMEAMENTO DE AVOGADO POR CARTA NAS ÚLTIMAS ELECCIONS MUNICIPAIS.**

**G) MOCION DE CARLOS LOPEZ SIERRA, SOBRE A ADICACION DE NOVAS RÚAS EN POBRA A BASILIO LOSADA, MANUEL VAZQUEZ MONTALBAN E RAMON PIÑEIRO.**

**16º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Antes de comenzar a Sesión gárdase un minuto de silencio pola morte en accidente cun tractor do veciño de Villouzán D. Antonio Somoza López.

**1º.- DECLARACION DE CARÁCTER ORDINARIO DA SESION**

Visto que a Sesión Ordinaria correspondía celebrarse o día 31 deste mes.

Visto que os días 31 de agosto e 1 de setembro, dende sempre celébrase a festa de San Ramón na parroquia de Cedrón.

Visto que desa parroquia hai varios concellerios os que lles causa un perxuizo a celebración do Pleno o día 31.

Visto que con suficiente antelación se faloy cos voceiros dos catro partidos que forman esta Corporación, estando todos de acordo co cambio na da do día 31 para o día 27.

O Pleno, por unanimidade, acordou:

Declara-la Sesión a celebrar o día 27 de agosto como ORDINARIA.

## **2º.- LECTURA E APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA VINTENOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vintenove de xuño de dous mil dez, esta foi aprobada por unanimidade de tódolos asistentes ata o punto onde se ausentaron os representantes do P.S.G.-P.S.O.E e o resto aprobada polo resto dos Concelleiros asistentes.

## **3º.- .-DECRETOS Nº 116 AO 157**

Dase conta dos Decretos da Alcaldía dende o nº 116 ao nº 157, ámbolos dous inclusive.

O Pleno por unanimidade dase por enterado de ditos Decretos, sin producirse sugerencia algunha.

## **4º.- APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2009.**

Visto o expediente correspondente á conta xeral do exercicio 2009.

Visto que se respetaron tódolos prazos e formalidades, tanto no referente a inforemes como ás exposicións públicas.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, en sentido favorable, así como a exposición ó público do edicto no B.O. da provincia nº 170 de data 27 de xullo de 2010 e no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto que durante a exposición ao público que rematou o día 23 de agosto de 2010, non se formularon alegacións ou reclamacións contra a Conta Xeral do Presuposto, correspondente o exercicio 2009.

Polo portavoz do P.S.G.-P.S.O.E. Dario A. Piñeiro López, faise constar que non teñen que facer ningún reparo a como se fixo administrativamente e contablemente a Conta Xeral, sen embargo o seu parecer non lle parece correcto como se executou dado que na execución do orzamento aprobado gastouse máis que se ingresou, a pesar de que se contemplaban obras que nin tan siquera se executaron é o balance foi negativo.

Por parte do Sr. Alcalde, faise constar que as Contas foron informadas en sentido positivo e por unanimidade polos componentes da Comisión e os gastos que se fixeron foron os necesarios e precisos e hai que ter en conta que en este capítulo de gastos tamén tomou parte neles o equipo de goberno anterior e que a pesar de todo hai superávit.

Por parte do Sr. Secretario-Interventor en relación as obras que non se executaron fai constar que das obras non executadas, se incorporaron como remanentes e se incorporaron para este exercicio e eso xoga para que saian unhas cantidades ou outras e o que o haber un superávit arrastrado de exercicios anteriores e bastantes superior o desfase producido entre o recaudado e o gastados e o mecanismo que habería que levar a cabo é que o superávit de hai para este ano non comprometelo para esa diferenza entre os gastos e os ingresos e unha cousa é que o resultado sexa negativo e outra é que haxa deficit, cousa que non ocorre xa que hai superávit e tamén hai que ter en conta que este Concello é un dos poucos da provincia no que endebedamento é cero.

Por parte do voceiro do B.N.G. D. Carlos Santiago López Sierra faise constar que que deben administrar as contas do concello é o equipo de goberno e que polo tanto aí non van entrar.

Sometida a Conta a votación, o Pleno por maioría absoluta co voto a favor dos catro representantes do Partido Popular, os dous de Tega, coa abstención do representante do B.N.G. e en contra dos do P.S.G.-P.S.O.E.

**ACORDOU:**

1º.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presuposto da que se obtén a seguinte liquidación:

<b>EXPRESION</b>	<b>EUROS</b>
<b>1.(+)FONDOS LIQUIDOS</b>	296.329,00
<b>2.(+)DERECHOS PENDIENTES DE COBRO</b>	<b>1.039.057,38</b>
- De Orzamento Corrente	493.732,63
- De Orzamento Pechado	540.970,03
- De Outras operacións non Orzamentarias:	4.354,72
-(-)cobros realizados ptes. Aplicación definitiva	00,00
<b>3.(-)OBLIGACIONES PTES. DE PAGO A 31/12</b>	<b>639.875,20</b>
- De Orzamento Corrente	403.367,31
- De Orzamento Pechados	154.317,90
- De Outras operacións no Orzamentarias	82.189,99
- (-) Pagos realizados pendentes aplicación definitiva	00,00
<b>4.- REMANENTE DE TESOURERIA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA</b>	695.511,18
--- Saldos de dudoso cobro	129.223,23
--- Exceso de Financiación afectada	95.466,04
<b>5.- REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS</b>	470.821,91
<b>6.- REMANENTE DE CREDITO INCORPORABLES</b>	125.451,59
<b>7.- REMANENTE LIBRE PARA GASTOS GENERALES</b>	<b>345.370,32</b>

2º.- Remitir a Contra Xeral ó Consello de Contas e o Tribunal de Contas antes do 1 de outubro de 2010.

3º.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**5º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL FACTURAS GASTOS 2009.**

Vistas as seguintes facturas:

Nº 53/2008 por importe de 674,10€ correspondente a 18 comidas con motivo da visita do Cónsul de Cuba.

Nº 31/2009 por importe de 423,72€ correspondente a 12 comidas con motivo de xuntanza de membros da Real Academia Galega por actos do día das Letras Galegas.

Nº 74/2009 por importe de 205,44€ correspondente a 8 comidas pola visita de D. Basilio Losada.

Nº 311/2009 de Moleskine, S.L.L. por importe de 313,66€ correspondente a tóner para impresoras.

Visto que polo Secretario-Interventor se informa que non se debe estar recoñecendo gastos extraxudiciais de forma permanentes de exercicios atrasados, cando estas facturas teñen entrada no Rexistro Xeral no actual exercicio no caso que nos ocupa no mes de xullo de 2010. Que debido os recortes presupuestarios que se están producindo debido a crise, deberíase acordar polo Pleno ou pola Xunta de Goberno Local, que o tema de comidas e eventos populares se reducisen o máximo, xa que de seguir cn gastos correntes no relativo a eventos, festas, comidas, etc. Se producirá o feito de que os servicios básicos e obrigaros e incluso o persoal chegue un momento en que non se lles poida pagar.

O pleno por unimidade,

ACORDOU:

Recoñecer estos gastos con cargo o actual orzamento e que son os correspondentes as seguintes facturas:

Nº 53/2008 por importe de 574,10€ correspondente a 18 comidas con motivo da visita do Cónsul de Cuba.

Nº 31/2009 por importe de 423,72€ correspondente a 12 comidas con motivo de xuntanza de membros da Real Academia Galega por actos do día das Letras Galegas.

Nº 74/2009 por importe de 205,44€ correspondente a 8 comidas pola visita de D. Basilio Losada.

Nº 311/2009 de Moleskine, S.L.L. por importe de 313€ correspondente a tóner para impresoras.

## **6º.- FACTURAS FEIRAS DE ANO E DE MAIORES MAIO ANO 2010 POR IMPORTE DE 14.298,34€**

### **GASTOS E INGRESOS.**

#### **GASTOS:**

María del Carmen Cerviño Gómez, NIF: 33.841.513-A, fra. Nº 35, por Carne de ternera (falda).....	2.723,67€
Carnicería O Crogo, NIF: J27339357, fra. Nº 161, por carne ternera.....	2.817,90€
Pulpería Marisol, NIF: 76.618.867-W, por 60 vales menú.....	513,60€
Angelines López Sobrado, NIF: 76.604.404-Y, 6 vales menú.....	51,36€
Alicia Fernández López, NIF: 76.613.480-C, 4 vales menú.....	34,24€
Grafic-Lugo, por confección propaganda, carteles, trípticos, etc	2.199,36€
Ernesto Losada Zolle, NIF: 76.599.798-T, placa pregoeiro y un Trofeo.....	176,00€
Ernesto Losada Zolle, NIF: 76.599.798-T, agasallos día xantar dos maiores.....	206,30€
Ernesto Losada Zolle, NIF: 76.599.798-T, medallas competiciones Y exhibiciones eventos deportivos 1º de maio.....	1.021,50€
Comercial Luseiro, NIF: 34.220.067-T, diversos material para acondicionamento do campo.....	399,80€
Murado, N.I.F.:33.348.829-W por aglomerado y maderaa.....	431,52€

Torvar, alquiler casetas y gestión residuos comida maiores.....	303,69€
Manuel López López,S.L. ,N.I.F.:B-27145846 arcos decorativos.....	1.264,40€
Palmeiro, S.L., N.I.F.: B-27214030, montaje carpa festa maiores....	1.947,00€
El Progreso, N.I.F: B-270000637edición xeral exemplares entrega-Gados festas maiores..	208,00€

**TOTAL GASTOS..... 14.298,34€**

**INGRESOS:**

Ingreso por venta de sobreiros para este evento.....	20,00€
--	--------

**TOTAL INGRESOS..... 20,00€**

Toma a palabra o portavoz do P.S.G.-P.S.O.E. Dario A. Piñeiro López, que fai unha felicitación pola organización desta feira e fai unha crítica polo gastos que se levou a cabo na mesma, xa que dí que se gastaron trece mil euros máis que a festa que se celebrou o anterior ano, respostándolle o Delegado de Feiras José Manuel Neira Castro que eso non se axusta a realidade xa que o ano pasado se gastou corenta e catro mil seiscientos ostenta ou sexa una cantidade similar a deste ano. Continua coa palabra Dario A. Piñeiro diciendo que o que non lle parece de recibo é que no anterior Pleno non se levaran facturas da feira anual que estaban entregadas e registradas e que despois se fixeran comentarios de que se gastara moito menos que o ano anterior e por outra banda que se lle habían dado órdenes a algúns provedores para que non presentaran facturas áta que pasara o Pleno. Por parte do Delegado de Feiras, se lle dí que non é o equipo de goberno que leva o rexistro de entrada das facturas e en canto a que as órdenes de que non se presentaran facturas áta despois do Pleno e unha mentira, como moitas máis que se din e que diga nomes de quen foi o que deu esa orden. E que quera que conste en acta este extremo. Non obstante por parte do representante do P.S.G.-P.S.O.E. dí que eles van a votar a favor, dado que o que queren é que a xente cobre.

Por parte do Sr. Alcalde, lle parece absurdo que ano tras ano se teña que debatir os gastos que se fan na feira, xa que do que se trata é de promocionar a feira e que os gastos que se teñan que facer se fan, e son os imprescindibles e que da o mesmo que os faga un equipo de goberno que outro, xa que son moi similares e do que se trata tamén non é de aforrar mil euros arriba ou abaixo, senón de que a feira salgo o mellor posible para que a xente quede contenta.

Por parte do represententa do B.N.G. Carlos Lópe Sierra, dí que en este asunto se vai abster, dado que si él fora o encargado de facer este evento o faría radicalmente oposto, tanto a como o fai o actual goberno municipal e tamén a como o facía o anterior. Polo Sr. Alcalde ordénase que se someta a votación e o Pleno acordou, cos votos a favor do Partido Popular e os do P.S.G.-P.S.O.E. e a abstención do representante do B. N.G. :

- 1º.- Prestar aprobación a conta de gastos e ingresos
- 2º.- Pagar ditas facturas de gastos con cargo o ornamento do presente ano.

**7º.- LIQUIDACION DEFINITIVA DE PARTICIPACION DE TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2008.**

Vista a liquidación do ano 2008.

Visto o resultado negativo ou saldo deudor de 95.250,93€ deste Concello.

Visto que no cálculo feito pode haber algún erro de menos e  
Visto que este Concello saiu moi perxudicado cando se suprimiu o I.A.E.  
debido a que a compensación reduciuse a un tercio do que estaban ingresando por este concepto..

Visto que a FEMP e a FEGAMP estaban estudiando este asunto, sendo estas federacións quen deben defender os intereses dos Concellos fronte o Goberno Central,

O pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Remitir certificación deste acordo a Fegamp para que sexa esta federación a que defenda os intereses dos Concellos para que non saian perjudicados nas rebaixas que se pretenden realizar na liquidación definitiva da participación dos municipios nos tributos do estado do ano 2008.

### **8º.- PERSONAL.- RECOÑECIMIENTO ANTIGUEDADE: ANTONIO SOBRADO CARBALLO E MARCOS VAZQUEZ MAREY.**

Dase conta dos escritos presentados por Antonio Sobrado Carballo, e Marcos Vázquez Marey que solicitan o recoñecemento de trienios dende que entraron a traballar no Concello.

Por parte do Secretario-Interventor faise constar que son dous casos distintos, pois mentres que Antonio Sobrado Carballo é personal laboral do Concello, Marcos Vázquez Marey é Técnico Local de Emprego e se lle está a pagar por medio dunha subvención da Consellería e don fondos propios, pero sempre a través do que marca a Consellería como subvención. Aparte, o tema de Antonio Sobrado Carballo xa foi ao anterior Pleno e acordárase pedir informe a Xestoría encargada destes asuntos de personal, pero que no informe que remite non aclara nada sobre o asunto.

Sigue dicindo o Secretario, despois de que se lle preguntara polas representantes dos Grupos Políticos Municipales si había algunha normativa que regulara o tema dos trienios e si sería legal o seu recoñecemento, contestando que non había unha normativa específica e que era un pouco a criterio do que acordase o Pleno do Concello, dado que neste Concello non hai convenio colectivo dos traballadores e se o houbese este tema estaría regulado no mesmo.

Tódolos grupos políticos manifestan que se se lles pode recoñecer que se faga, non obstante a petición do Sr. Alcalde, acordase por unanimidade que se faga unha consulta deste tema o gabinete xurídico do “Consultor dos Concellos” e que se volva levar este tema a próxima sesión e que en caso de que non haxa ningún impedimento legal se lles recoñeza os mesmos con cobro a partir deste ano.

### **9º.- ESCRITO DA DELEGACION CONSELLERIA DE TRABAJO SOBRE FESTAS LOCAIS DO ANO 2011.**

Visto o escrito registrado o día 27 de xullo de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que solicita que antes do próximo 30 de setembro se designen as festas locais para o Término Municipal de Lánara.

Visto que en anos pasados as festas locais eran martes de entroido e luns posterior a San Roque.

Visto que sen ánimo de formar polémica por parte do Concelleiro do B.N.G. lle parecería oportuno que un dos días festivos locais coincidira coa feste do Carme de Lánara, que o próximo ano coincide co día 5 de setembro, sacando como festa local o Martes de Entroido e poñendo na súa substitución o luns do Carme, proponse a votación para nomear a festas, acadando o seguinte resultado:

Festas para o día 8 de marzo martes de entroido e 22 de agosto luns de S. Roque: Votos a favor: 4 do Partido Popular e 2 de Tega; Abstencións: 4 do P.S.G.-P.S.O.E.; Contra: 1 B.N.G.

Festa para o día 5 de setembro: Votos en contra: 4 Partido Popular e 2 de Tega; Votos a favor: Concelleiros Carlos S. López Sierra, Celestino Rodríguez González e José Manuel García Aldegunde; Abstencións: Concelleiros Dario A. Piñeiro López e Arturo Sobrado Castro,

En consecuencia, o Pleno por maioría,

ACORDOU:

1º.- Propoñer como días festivos en todo o término municipal:

O martes de entroido que coincide para o ano 2011 o día 8 de marzo

O 22 de agosto, luns de San Roque en todo o Término Municipal

2º.- Remitir certificación deste acordo a Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial de Traballo e Benestar.

### **10º.- HONORARIOS PROXECTOS TECNICOS “REHABILITACION ANTIGA CASA CONSISTORIAL” E “ACONDICINAMENTO PONTE ROMANA DE CARRACEDO”.**

Visto que os técnicos redactores do proxecto de “Rahbilitación da antiga Casa Consistorial” e “Acondicionamento da Ponte Romana de Carracedo”, tendo en conta que as obras non foron executadas.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2010 na que se presta aprobación a estas facturas, así como dar contad este acordo o Pleno na primeira Sesión Ordinaria que celebre.

O pleno por unanimidade, ACORDOU:

1º.- Ratificar o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2010 sobre a aprobación de honorarios.

### **11º.- ESCRITO COMISION FESTAS DE SANTA MARIA DE LAMA ANO 2009 E SUBVENCION MUNICIPAL**

Visto o escrito presentado por D. Javier Valcárcel López, presidente da Comisión de festas de Santa María de Lama.

Visto que o relacionado coa subvencións para festas foi acordado polo Pleno en Sesión celebrada o día 26 de marzo de 2010,

Visto que si ben esta Comisión non solicitou a subvención económica para a celebración dos festexos na súa parroquia no exercicio 2009.

Visto que a festa de Armea non se celebrou o ano 2009, si ben tiña concedida unha subvención de 600,00 euros cantidade que non se pagou por non xustificar o gasto.

O pleno, por unanimidade,

ACORDOU:

Conceder a dita Comisión unha subvención de 600 euros destinada a celebración dos festexos patronais na mesma e que se pague en canto xustifiquen un gasto igual ou superior o dobre da subvención concedida.

### **12º.- APROBACION INICIAL DIRECTRICES ORDENACION TERRITORIO DE GALICIA DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE**

Vista a documentación remitida pola Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe.



Visto que por Orde de 24 de xuño de 2010 o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas se aproban inicialmente as Directrices de Ordenación do Territorio incluíndo o seu informe de sustentabilidade ambiental e se procede a somerter a información pública as directrices de ordenación do territorio aprobadas inicialmente con tódolos documentos que a integran, durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e que tódolos documentos poderán ser examinados na Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente; na Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe e nos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente.

O Pleno deste Concello dase por enterado deste asunto.

### **13º.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE DON MIGUEL POSE FUENTES, DIRECTOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO.**

Visto o escrito de D. Miguel Pose Fuentes, polo que solicita a compatibilidade de arquitecto e director do obradoiro Ramón Piñeiro IV.

Visto o informe favorable do Sr. Alcalde-Presidente.

Vista la Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Visto que o persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes están recollidos no apartado c) do artigo 2 de Lei 53/1984, antes mencionada.

Visto que no artigo 3º desta Lei no seu apartado 1º, dí, textualmente: “para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación da xornada de traballo e horarios dos dous postos de traballo e que se condiciona o seu estrito cumprimento en ambos”.

Visto que no artigo 9º desta Lei no parágrafo 2º, dí: “Que dita autorización debe ser acordada polo Pleno da Corporación Local”.

Visto que no artigo 11º deste Lei, dí: “Dacordo co desposto no artigo 1º-3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter particulares que se relacionen directamente coa que se desenvolven no Departamento, Organismo u Entidade donde estivera destinado.

O Pleno co voto favorable dos representantes do P.P., de Tega e do P.S.G.-P.S.O.E e coa abstención do Concelleiro do B.N.G. Carlos López Sierra

ACORDOU:

1º.- Autorizar a compatibilidade aa D. Miguel Pose Fuentes, para exercer a actividade profesional de arquitecto mentres sexa director do Obradoiro de Emprego “Ramón Piñeiro IV”, debendo respetar en todo momento:

-Cumprimento total da xordada de traballo (8 horas de luns a venres)

-Ter en conta as limitacións que establece o artigo 11 e que quedan transcritas na parte dispositiva deste acordo.

### **14º.- APROBACION BORRADOR DE ORDENANZA TIPO DE VENTA AMBULANTE.**

Visto o borrador da Ordenanza epigrafiada.

Visto que a venta ambuente debe regular de maneira expresa para evitar intrusismos e venta de produtos de forma fraudulente.

Visto que neste Concello se celebran dúas feiras con carácter fixo en Pobra de San Xiao os días 2 e 17 de cada mes.

Visto que tanto a venta como a ubicación deben estar regulado e establecidos tódolos produtos que se poden vender, así como a ubicación a sinalización dos postos conforme cun plano de distribución.

Vista tamén a disposición adicional primeira de dita ordenanza na que se reflexa que os agricultores e gandeiros que vendan directamente os seus propios produtos, non necesitarán autorización municipal de venda ambulante aínda que se deberán respectar as normas de funcionamento do mercado.

Visto que se pode mellorar este borrador da Ordenanza e que se pode facer modificacións nalgúns dos seus puntos.

O Pleno, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar este asunto sobre a Mesa e que se remita para o seu mellor estudo unha copia do borrador a cada un dos Concelleiros e se solicite unha copia deste Ordenanza os Concellos da Comarca donde esté en vigor a mesma, para que se poida confeccionar e aprobar unha ordenanda que beneficie a tódolos veciños e comerciantes do municipio.

#### **15º.- MOCIONS:**

##### **A) CARLOS LOPEZ SIERRA SOBRE ADECUACION DO CAMIÑO QUE PARTE DO MIRADOR DA PREREIRA ATA VILAR.**

Lida a Moción íntegramente polo Sr. Secretario.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e fai constar que se acaba de facer o acceso o Mirador e con catro mil euros tamén se fixo una reparación do camiño que conduce a Vilar, polo que considera un pouco abusivo nestes intres solicitar o acondicionamento do camiño, sen embargo estaría dacordo en que se reparase o camiño que vai a Pedreira, xa que se atopa con moitos baches e que está na mesma zona, e para o cal xa ten feito un proxecto. Por parte do Concelleiro autor da Moción se dí que non propón esta obra para que se faga dun xeito inmediato, senón que se hai oportunidade de metela en algún Plan ou a través dunha subvención dun Organismo Público que se inclua, ao que o Sr. Alcalde se lle desposta que tódolos anos a través de Medio Rural se acondicionan pistas e camiños, polo que non descarta que para anos sucesivos así se faga, non obstante neste intres é inviable poderlle aprobar a Moción que solicita que se someta a votación, tengo o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.

Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.

En consecuencia a Moción queda rexeitada.

## **B) ARTURO SOBRADO CASTRO PARA POÑER NOME DE LUIS MARIÑO AO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.**

Lida a Moción íntegramente polo presentante da mesma.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que non ten nada en contra desta persona e que del só coñece a faceta que tivo como músico e que considera que non lle parece oportuno que nestes intres leve o nome de pavillón, porque a historia do pavillón a coñece él mellor que ningún e a relación que tivo Luís Mariño co deporte nesta localidade foi toda relacionada co fútbol, cun equipo que xogaba partidos esporádicamente e que nin estaba federado e que cando se comenzou o pavillón nin estaba xa esta persona neste Concello. Cree o Alcalde que hai outras personas con máis méritos para levar este Nome, incluso algún deportistas de élite, pero que de momento lle parece oportuno que se lle siga chamando Pavillón Polideportivo Municipal de Pobra de San Xiao e repito e reitero que non teño nada en contra do falecido Luís Mariño o que sempre considerarei como unha boa persona..

Por parte do Concelleiro Arturo Sobrado se dí que esta explicación que da o Sr. Alcalde xa a sabe de sobra, pero que non ten que ver unha cousa con outra e que considera que esta persona se portou moi ben con tódolos chavales daquela época os que axudou moito lavándolles as equipacións e prestándolles a súa casa como vestiarios do equipoe que foi como un pai para todos eles.

A Moción sométese a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.

Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.

En consecuencia a Moción queda rexeitada.

## **C) DE ARTURO SOBRADO CASTRO PARA A CREACION DUN INVENTARIO DE TODOLOS BENS DO CONCELLO.**

Lida a Moción íntegramente polo presentante da mesma.

Polo Sr. Alcalde manifesta que lle parece moi ben que se faga un inventario de bens, pero o inconveniente é o prezo do mesmo e que non estamos no momento oportuno de gastar xa que hai outras necesidades máis acuciantes. Que xa hai bens inventariados que se fixeron a través de personal contratado e que fixeraon traballos inventariano camiños e que por exemplo xa se fixo todo o relativo a carretera de Puebla a Lán cara pola súa marxe esquerda, e tamén xa se inventariou tódolos bens do obradoiro de emprego. Que non se opón o mesmo pero que non é o momento de gastar en este traballo, que a pesar de todo si por parte da Xunta dan personal que está pedido se seguirá nesta labor.

Por parte de Arturo Sobrado, se manifesta que non só se refiere a camiños e fincas o que solicita que se meta nun inventario, senón que a todo tipo de máquinas, mobiliario, vehículos, etc. e que este é un traballo que se podería facer perfectamente por parte dos funcionarios municipais, xa que calquer empresa o ten feito e é simplemente facer unha relación donde conste esto.

Por parte do Sr. Alcalde vólvese a reiterar que si dan personal por parte da Xunta irase facendo estos traballos, pero que o que non se pode é invertir por parte do Concello cantidade algunha xa que valería moitos cartos.

A Moción sométese a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.  
Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.  
En consecuencia a Moción queda rexeitada.

#### **D) DE ARTURO SOBRADO CASTRO PARA REHABILITACION DA RUA DE VALDRIZ DE POBRA DE SAN XIAO.**

Lida a Moción íntegramente polo presentante da mesma.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e lle parece moi ben esta proposta xa que considera que é unha obra prioritaria, pero así mesmo pon de manifesto que cando veu a Delegada Provincial de Lugo para facer a inspección da estrada que vai desde Pobra a Láncara, lle pediu personalmente que metera nesta obra a rehabilitación da rúa Valdriz e que él sempre se preocupou por esta obra, xa que cando había que incluír o ano pasado as obras do Plan “E” xa lle había dito a Alcalde de entón Dario Piñeiro que metera unha obra importante de Pobra e que o resto o metera no resto do municipio e que se estaba referindo a obra da rúa Valdriz. Por parte de Dario Piñeiro se lle contesta que no Plan “E” só se podían meter obras de titularidade municipal e que esta rúa ou estrada e de titularidade da Xunta de Galicia e que ese foi o motivo de non metela e que o Sr. Alcalde ben o sabe.

Pôr parte de Arturo Sobrado se manifesta que esta é unha obra que lle falta a Pobra para darlle outro aire a capitalidade municipal e que é moi necesaria e que él pide que se meta en algún Plan ou se solicite a través dalgunha subvención.

Discutido suficientemente este asunto, se somete a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.  
Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.  
En consecuencia a Moción queda rexeitada.

#### **E) DE DARIO ANTONIO PIÑEIRO LOPEZ, SOBRE CONSTRUCCIONES DE PISCINA MUNICIPAL.**

Por parte de D. Dario A. Piñeiro López lese a Moción que presenta para que o igual que outros municipios colindantes neste de Láncara se poida construír unha piscina municipal.

Polo Sr. Alcalde lle parece tamén ben que calquer tipo de obra se solicite, pero que neste caso é diferente xa que neste municipio temos dous clubs fluvial que están moi ben acondicionados e que cubren as necesidades neste sentido e que a construción dunha piscina municipal levaría consigo outros inconvenientes, como son primeiro a consecución dun espazo onde facela e que o Concello tería que adquirir, xa que non se pode facer a carón do río e por outra banda o mantemento da mesma que sería moi costoso en relación co servizo que podería dar que é de un ou dous meses o ano.

Por parte do Concelleiro presentante da Moción lle parece inconcebible que unha obra que solicita agora pondera ser rexeitada, dado que cando estaba él de Alcalde por parte da oposición se presentou unha Moción neste sentido de solicitar una piscina municipal.

Discutido suficientemente o asunto, se somete a votación co seguinte resultado:  
Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.  
Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.  
En consecuencia a Moción queda rexeitada.

#### **F) DE DARIO ANTONIO PIÑEIRO LOPEZ SOBRE NOMEAMENTO DE AVOGADO POR CARTA NAS ÚLTIMAS ELECCIONS MUNICIPAIS.**

Por parte de Dario A. Piñeiro López lese a Moción que presenta para nomear un avogado que investigue que foi o autor dunha carta anónima que foi mandada os domicilios de todo o municipio de Láncara na última campaña das eleccións municipais e na que se acusa gravemente ao Sr. Alcalde, Concelleiros e Contratistas, inda que prefire non ler o contido da mesma xa que de todos é sabido o que nela se pon e que pediría que na votación todos os componentes da Corporación Municipal explicasen de maneira persoal a súa posición neste asunto.

Por parte do Alcalde faise constar que este asunto non lle parece de recibo, xa que tiñeron moito tempo, máis de dous anos para poder facelo mentres gobernaba e que non o fixeron e por outra banda él personalmente e de maneira particular xa fixera as denuncias correspondentes ante a Garda Civil e ante as autoridades xudiciais e que o tema cree que inda está por resolver, polo que non ven o caso que o Concello interveña gastando cartos no nomeamento dun avogado xa que él mesmo que era ante quen se vertían as acusacións xa o había feito a título particular, polo que propón que se someta a votación a Moción, que da o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.  
Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.  
En consecuencia a Moción queda rexeitada.

#### **G) MOCION DE CARLOS LOPEZ SIERRA, SOBRE A ADICACION DE NOVAS RÚAS EN POBRA A BASILIO LOSADA, MANUEL VAZQUEZ MONTALBAN E RAMON PIÑEIRO.**

Lida íntegramente esta Moción, por parte do presentador da Moción se manifesta que estes homes foron e son personaxes ilustres que incluse algún deles teñen rúas co seu Nome noutras cidades e que dous deles foron nomeados polo propio concello como fillos predilectos polo que cré que cando se faga algunha nova rúa na capitalidade do municipio se lles dera o seu nome.

Polo Sr. Alcalde se lle manifesta que en canto a Ramón Piñeiro, xa se lle deu o seu nome o CPI en Pobra, ten xa un busto en Carracedo e o nom das escalinatas diante do Centro Médico, polo que non hai lugar a máis. A Basilio Losada xa se fixo fillo predilecto do Concello e en canto a Manuel Vázquez Montalbán, é una persoa que incluso pode ter algún parentesco conmigo e non teño nada contra del, pero que non tivo nuncia ningún vínculo con este concello e non é coñecido por nada relacionado con Láncara. En consecuencia pido que se someta a votación esta Moción:

Votos a favor: 4 do P.S.G.-P.S.O.E; 1 do B.N.G.  
Votos en contra: 4 do P.P. e 2 de Tega.  
En consecuencia a Moción queda rexeitada.

## **DECLARACION DE URXENCIA.**

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os catro concelleiros do Partido Popular e os dous Concelleiros de Tega e en contra dos castro Concelleiros do pP.S.G.-P.S.O.E e o Concelleiro do B.N.G.

## **DAR CONTA DO ESCRITO DO DELEGADO DE CULTURA E DEPORTES DON ANDRES CABALLERO LOPEZ SOBRE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAS FEITAS DURANTE O VERAN.**

Polo Delegado de Cultura e Deportes, faise lectura íntegra do escrito sobre actividades culturais e deportivas durante o verán, que copiada literalmente dí:

Con motivo del periodo estival, la Concejalía de cultura y deportes con el apoyo de la junta de gobierno local decidió organizar los siguientes eventos:

-En primer lugar, una fiesta Folk, a la cual decidimos llamarle Folkliada. Comenzamos a trabajar a principios del mes de marzo adhiriéndonos al convenio que la Xunta de Galicia proporcionó , llamado Galicia Móvese, donde exigían como mínimo contratar 3 actuaciones por ayuntamiento con un máximo subvencionable de 2.000 euros para los ayuntamientos inferiores a 5000 habitantes, a esto agregamos una exposición de artesanía gallega y también una comida popular que incluía empanada, pulpo, churrasco de ternera, bebidas, postes, café y locores, estableciendo el módico precio de 14 euros por persona, menú que también degustaron los 39 artesanos invitados por el ayuntamiento y que fue elaborado por el restaurante Canceliño que se hizo cargo del pago del escenario para las actuaciones musicales valorado en 600 euros.

El lugar elegido para celebrar la Folkliada fue el campo de la feria de Puebla de San Julián porque pensamos que el paisaje y los pendellos eran los más apropiados para la temática del evento y así economizar las necesidades técnicas.

La fecha elegida fue el pasado 7 de agosto por ser periodo con más aluencia de turistas y no coincidente con otros eventos importantes de los alrededores.

### **GASTOS:**

Actuaciones musicales (Grupo Alnn Bique Folk, A Requinta da Laxeira y As Sircópatas): Total aportación Concello: 3.800 euros. Total aportación Xunta de Galicia: 2.000 euros.

Comida artesanos: 39 artesanos a 14 euros: 546 euros

Decoración: Agasallos: 131 euros.

Publicidad: Cadena Cope: 500,00 euros; La Voz de Galicia: 250,00 euros; STS Produccións: 600,00 euros; Pólvora: 400,00 euros

Transporte Asociación Mulleres SanBartolomeu de Insua: 130,00 euros

XUNTA: 2.000,00 euros; CONCELLO: 6.357,00 euros; TOTAL: 8.357,00 euros.

En segundo lugar, solicitamos a la Xunta de Galicia una subvención para llevar a cabo unos módulos de actividades que contiene escuela/esplai de verno más fiesta final con merienda , y a partir de septiembre apoyo de enseñanza primaria, secundaria y curso

para adultos de conciliación familiar. Todos los módulos serán impartidos por el grupo Academia Postal. Por el momento ya se ha realizado la escuela esplai de verano impartida en el periodo del 9 de agosto al 20 del mismo mes, en el horario de 10:30 a 13:30 de lunes a viernes, realizado en el club fluvial de Puebla de San Julián. El resto de módulos como ya he indicado empezarán a impartirse del mes de septiembre hasta finales de año en el Colegio Público Ramón Piñeiro.

GASTOS:

Módulo escuela esplai de verano:

Total: 6.120,00 euros; Concello: 3.016,00 euros; Xunta: 3.104,00 euros

Módulo de enseñanza primaria:

Total: 5.020,00 euros; Concello: 1004,00 euros; Xunta: 4016,00 euros.

Módulo enseñanza secundaria:

Total: 4005,00 euros; Concello: 801,00 euros; Xunta: 3204,00 euros

Módulo curso para adultos:

Total: 540,00 euros; Concello: 108,00 euros; Xunta: 432,00 euros.

XUNTA: 10.756,00 euros; CONCELLO: 4.929,00 euros; TOTAL: 15.685,00 euros.

En tercer lugar, decidimos realizar actividades de entretenimiento para los menores en horario de tarde, de lunes a viernes, impartidas por los monitores del ayuntamiento. Estas actividades consistían en juego de verano, deportes, rutas de senderismo, acampadas nocturna, y atracciones infantiles como circuito acuático el día 4 de agosto, fútbol humano el día 11 de agosto, tiro con arco el día 16 de agosto y circuito cars el día 18 de agosto.

GASTOS:

Circuito acuático: 600 euros mas IVA

Fútbol humano: 500 euros mas IVA

Tiro con Arco: gratuito

Circuito Cars:

565,50 euros

TOTAL: 1.665,50 euros mas IVA

En cuarto lugar el próximo 4 de septiembre y 20 de noviembre a las 20:30 horas podremos disfrutar de unas novedosas obras de teatro en el Centro Polifuncional del Campo de la Feria de Puebla de San Julián para todos los públicos, esta obra será impartida por el grupo Hipócrita Teatro y el grupo Hospital Xeral Calde. La primera obra lleva el nombre de "Homes de Escabeche" y la segunda "Don Armando Gresca". Ambos eventos serán subvencionados por la Diputación Provincial de Lugo, dentro del programa Buxiganga, al cual nos adherimos el pasado mes de abril.

GASTOS: Concello: 50 euros; Diputación: Resto de gastos.

Firmado Andrés Caballero López.

De todo este escrito informativo a Coporación queda enterada e se acorda se mande a tódolos Concelleiros unha copia deste escrito.

## **16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Por parte do Concelleiro D. Carlos López Sierra, faise o seguinte Rogo:

Que se sinalizen o mirador da Piqueira, así como os Clubs Fluviais e Areas Recreativas..

Por parte do Sr. Alcalde se lle fai saber que esta xestión xa está feita e que xa se van a poñer de inmediato uns sinais de madeira.

Por parte do Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro faise os seguintes Rogos:

a) Que si pode ser posible que por diante do Xeriátrico da Pobra se poida arreglar as beira-rúas xa que moitos están levantadas e os viandantes que son moitos os que pasean por esa zona corren perigo o poder tropezar coas mesmas.

Por parte do Alcalde se lle desposta que eses traballos vanse facer de inmediato e non só nesa rúa senón en outros que están no mesmo caso, como son a rúa Ourense e en Rosalía de Castro, e vai consultar co Director do Obradoiro de Emprego se incluso eses traballos pódense facer con personal do mesmo, e se non fose así se contrataría a unha empresa.

b) Si se pode axilizar o poñerlle o busto ou unha placa a José Cela Míguez, como xa se acordara nun Pleno.

Polo Alcalde díselles que se mirará o acordo, xa que cree que se acordara no Pleno o poñerlle unha placa e que se mirará de inmediato para deixar este asunto zaxado.

Por parte do Concelleiro D. Celestino Rodríguez Gonzáles, faise o rogo de que si é posible, dado que na próxima semana vaia facer a festa en Láncara, se mande o tractor para desbrozar os arredores da igrexa, e pola carretera de San Pedro xa que casi non se anda coa cantidade de silvas que hai.

Polo Alcalde se lle indica que xa estaba previsto e que o mesmo luns xa irá para alí o tractor a facer esta labor.

Polo portavoz do P.S.G.-P.S.O.E. Don Dario Antonio Piñeiro López, fanse os rogos seguintes:

a) En relación cunha factura presentada por Construcciones Míguez, na que non está de acordo con parte da facturación da mesma, que se se pode convocar a unha Comisión formada polos portavoces de tódolos partidos e co propio contratista para poder estudar todo o facturado na mesma. Que quede claro que non estou de acordo coa mesma, pero que a Míguez lle hai que pagar cousas que como Alcalde eu lle encarguei.

Polo Sr. Alcalde se lle contesta que esa factura foi presentada o mesmo día da Moción de Censura e que a facturación corresponde a obra L-4 do Plan "E" e esta obra está totalmente certificada ata a súa finalización e máis das melloras de obra e que según o director de obra esta obra estaba cerrada e non falta nada por facturar polo tanto non ben o caso que presente unha factura con unidades correspondente a esta obra, como son 70 tubos de 80 e esta factura foi ao Pleno



pasado e se rexeitou a mesma e incluso se lle pagaron a ese contratista unha ou dúas facturas de pequenos traballos que realizara, e que incluso parece que con esa factura quere meter en problemas o director da obra., polo que creo que todo está explicado.

- b) O seguinte rogo vai dirixido ao Interventor do Concello ao que lle fai saber que se están levando acordos a Xunta de Goberno Local nos que non é competente para tomalos, senón que é o Pleno o que ten as competencias no mesmo, como por exemplo no caso de subvencións, no que as competencias son únicas e exclusivas do Pleno, e polo tanto non debería levarse este asunto a Xunta de Goberno Local, o sacarlles as subvencións as Asociacións Culturais non é unha competencia do Pleno, e se se quere tomar este acordo pola Xunta de Goberno Local o primeiro que se ten que facer e tomar un acordo plenario de deixar sen efecto a Comisión de Subvencións creadas no seu día polo Pleno e unha vez feito esto si o poderían levar.

Polo Sr. Secretario-Interventor se lle dí que nestes intres non lle pode contestar, porque si o fago agora pode estar errado e si cometín algún fallo non me costa traballo ningún pedir perdón, pero teño que mirar como están delegadas as competencias e o acordo que se tomou e cando o teña todo mirado lle contestarei, xa que teño a miñas dúbidas.

### **PREGUNTAS:**

Polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro, se pregunta:

¿A qué corresponde a factura de Foga aprobada por importe de 4.451 euros correspondente a fotocopias no mes de maio?. Polo Secretario se lle fai saber que foi un erro e que non son euros senón pesetas, que veñen a ser sobre trinta euros e que xa está subsanado ese erro.

¿A que corresponde unha facturas de Restaurante Reboleira por comidas oficiais por un importe de 1.670,40 euros?. Se lle fai saber que pode ser dunhas comidas de cando viñeron a xogar as finais de fútbol-sala provincial, pero que non é seguro eso, polo que se mirará dita factura e se lle dirá con exactitude a que corresponde.

¿Qué foi o que pasou coa carne sobrante da feira da terneira galega do un de maio?. Polo Sr. Concelleiro de Feiras D. José Manuel Neira Castro lle contesta que xa no Pleno pasado tiña un escrito no que se detallaba o que se fixera coa mesma e que o ten agora para darlles os Concelleiros. Pasando unha copia dos mesmos aos Grupos Políticos representados na Corporación.

Polo Concelleiro D. Dario Antonio Piñeiro López, faise as seguintes preguntas:

Pregúntalle o Sr. Alcalde ¿Si ten embargadas as dietas ou non ten embargadas as dietas?, xa que polo que vio nun escrito no Rexistro de Entrada a él parécelle que sí.,

O Sr. Alcalde contéstalle que eso non é cousa del, xa que é unha cousa personal e que se quere unha resposta que llo faga por escrito. Pero que quede moi claro que é unha cousa personal del.

A seguinte pregunta que lle fai o Sr. Alcalde é en relación coa obra do Campo da Feira e é a seguinte No capítulo de obras do Proxecto está contemplada una rampla, unha pasarela e unhas barandillas ¿en qué sitio están feitas esas obras, xa que pasei por alí e non vin nada de eso?

O Alcalde lle contesta que hai unha parede que ten tres metros de ancho e ten unha barandilla subindo a dereita a altura onde se poñen os pulpeiros do Corgo en unha escaleira que hai estaba prevista unha rampa para subir con cadeiras de rodas e isto non tiña obxecto porque se podía ir máis alá e púsose escalinata todo.

E por último Dario Antonio Piñeiro López, faille a seguinte pregunta o Sr. Alcalde: ¿Qué vai pasar ca pasarela do río?. Nos tínhamos feito un proxectoe cremos que é moi perigoso habela posta onde vai agora e lle pregunto si ese é o lugar idóneo da pasarela..

Por parte do Sr. Alcalde se lle dí que él tamén se enfadou porque ía ir a catro metros da presa pero agora está un pouco máis lonxe e é o lugar onde pode ir e por onde o autorizou a Confederación Hidrográfica. Non ten porque haber accidentes, xa que ponendo un exemplo na área de Lánacara vai polo medio e nunca houbo problema algún. Aparte se sinalizou ben con letreiros que está totalmente prohibido tirarse da pasarela o río, a pesar que nesa zona hai un metro de profundidade aproximadamente e no verán teñen que ser os monitores a cargo dos pequenos os que poñan empeño en que non se faga e cando non esteñan os monitores teñen que ser os propios pais.

E non habendo máis asunto que tratar dase por rematada a Sesión por orden do Sr. Alcalde, sendo a vintetrés horas trinta minutos, extendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.-